

## **A HISTORIA DE BET E ALBA**

1. Bet e Alba eran dúas irmáns de 12 e 16 anos que se conectaban a miúdo a Internet, usando unha webcam. Coñeceran a Richard, un mozo de 18 anos que era representante de modelos dunha coñecida marca de roupa interior.

2. Pouco a pouco, foron collendo confianza e se fixeron amigos.

- Sodes máis guapas que moitas modelos que represento. Seríades unhas modelos perfectas.

E elas posaban diante da webcam en roupa interior e facían posturas de modelos... e rían.

Os días pasaban e cada día amosábanse máis atrevidas. Pasábano moi ben.

3. Un día decatáronse de que Richard estaba triste e lles dixo que tiña problemas económicos e que necesitaba cartos, que llo devolvería enseguida. As irmás enviáronlle os seus aforros. Pero el seguiuilles pedindo máis cartos. Ao pouco tempo recibiron un mail que dicía:

- Teño fotos onde se ve o malas que sodes, e si non me pagades enviareillas aos vosos contactos. Teño os enderezos, vedes?

E lles dixo os nomes dalgúns dos seu amigos. Era verdade! Como podía ser? Tiveron moito medo e finalmente decidiron que era mellor decirllo aos seus pais.

4. Os pais denunciaron o feito á policía que rastrexou o ordenador das rapazas e localizou ao home.

Cando foi detido viron que tiña 30 anos e xa tiña actuado do mesmo xeito con outras menores en varios países. O home gañábase a confianza das súas vítimas para conseguir imaxes con pouca roupa ou desnudas, introducíase no seu correo e conseguía os enderezos dos seus contactos. O resto xa o sabedes. Esta historia está baseada nun feito real e rematou ben. Os nomes que se utilizan son ficticios.